



PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O CURSO 2024/25

1. NORMATIVA REGULADORA DA ADMISIÓN DO ALUMNADO

- [DECRETO 13/2022, de 3 de febreiro](#), polo que se regula a admisión do alumnado.
- [Orde do 21 de outubro de 2022](#) pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
- Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o desenvolvemento do proceso de Admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2024-25.
- [RESOLUCIÓN do 10 de xaneiro de 2024](#), da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do Acordo entre esta consellería e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. POSTOS ESCOLARES OFERTADOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2024/25

NIVEL	PRAZAS N.E.E	TOTAL PRAZAS OFERTADAS
4º EDUCACIÓN INFANTIL	3	20
5º EDUCACIÓN INFANTIL	-	6
6º EDUCACIÓN INFANTIL	-	5
1º EDUCACIÓN PRIMARIA	3	4
2º EDUCACIÓN PRIMARIA	-	0
3º EDUCACIÓN PRIMARIA	-	0
4º EDUCACIÓN PRIMARIA	-	0
5º EDUCACIÓN PRIMARIA	-	0
6º EDUCACIÓN PRIMARIA	-	0



3. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN

O prazo de presentación de solicitudes é do **1 ao 20 de marzo de 2024**, ambos os dous inclusive.

- As solicitudes de admisión, **presentaranse mediante o [Anexo II](#)** (ED550B) preferiblemente **a través da aplicación «admisionalumnado»**, (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>).

Este **Anexo II** pode adquirilo:

- Recolléndoo no centro a partir do 1 de marzo (en conserxería).
 - Descargalo dende o enlace anterior para imprimilo e cubri-lo a man.
 - Descargalo dende o enlace anterior, cubrir os datos online e posteriormente imprimilo.
- Opcionalmente poderanse presentar **de forma presencial no centro indicado como primeira opción** e en calquera dos rexistros establecidos, utilizando o formulario normalizado (ED550B) que será facilitado polo centro
 - Para a **presentación electrónica** das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).
 - A solicitude irá acompañada de:
 - Fotocopia do DNI do alumno/a ou fotocopia do libro de familia no que apareza o mesmo.
 - Copia do DNI dos membros da unidade familiar, cando deneguen a súa consulta.
 - Volante histórico de convivencia.



- No caso de alumnos/as xa escolarizados, documentación acreditativa na que se indique o curso no que se atopa durante o presente curso académico.
 - Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.
 - Se é o caso, documentación xustificativa da solicitude dunha praza para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Todo o alumnado poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

- A solicitude de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.
- A solicitude de reserva, admisión ou escolarización extraordinaria deberá estar asinada por calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras do alumno/a menor de idade non emancipado. Deberá constar o consentimento expreso da outra persoa proxenitora, titora ou acolledora no anexo de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento (anexos I-bis, II-bis e III-bis).

Nas situacións de violencia de xénero non é necesaria a sinatura do agresor.

- As familias poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes a través da aplicación informática <admisionalumnado>



(<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) utilizando o código de solicitude e o DNI da persoa solicitante.

- O alumnado xa matriculado neste centro ten garantida a permanencia sen necesidade de realizar ningún tipo de xestión. **Non obstante, se presenta solicitude de admisión noutro centro distinto deberá comunicalo na secretaría do CEIP A Escardia.**
- O alumnado que ten reservada praza no centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

4. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA BAREMACIÓN

No caso de haber **máis solicitudes que prazas** procederase a baremar en función dos criterios establecidos na orde e no decreto que rexen este proceso de admisión do alumnado.

O **prazo para achegar documentación acreditativa dos criterios do baremo** será do: **21 de marzo ao 5 de abril:**

- Se alega PROXIMIDADE do domicilio/traballo: Volante histórico de convivencia/contrato de traballo.
- Se alega IRMÁNS NO CENTRO: Fotocopia do libro de familia.
- Se alega FAMILIA NUMEROSA: Libro ou tarxeta de familia numerosa.
- Se alega FAMILIA MONOPARENTAL: Certificado de Recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- Se alega RENDA DO 2021: marcar o recadro de autorización na solicitude. No caso de non facer a declaración, traer o Certificado Tributario de Imputacións (solicítase en facenda).
- Se alega DISCAPACIDADE dalgún membro da unidade familiar superior ao 33%: Certificado de recoñecemento da mesma.



5. PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DE ADMITIDOS E NON ADMINITOS

5.1. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA: do 21 de marzo ao 5 de abril (só no caso de ser preciso baremar e denegue a consulta automática).

5.2. LISTAXES PROVISIONAIS DE ADMITIDOS E NON ADMINITOS

As listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas publicaranse **o 25 de abril** no taboleiro de anuncios do centro.

As reclamacións ás listaxes provisionais realizaranse no prazo de **5 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ante o consello escolar.

5.3. LISTAXES DEFINITIVAS DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS

As listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas publicaranse antes do día **15 de maio**. Dita publicación realizarase no taboleiro do centro (no seu interior); na páxina web publicarase soamente a información sobre a publicación das listaxes pero sen datos persoais.

Poderase formular recursos de alzada ante as listas definitivas perante a Xefatura Territorial no prazo 1 mes a partir da publicación das listas definitivas.

6. FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

O prazo para formalizar a matrícula é do **20 ao 30 de xuño**.

Se unha vez finalizado o prazo de matrícula esta non se formalizase, terase por decaído non seu dereito á praza obtida.

Documentación a entregar para a formalización da matrícula:

- [Impreso de matrícula](#), facilitado polo centro e que tamén se pode descargar na web da consellería de educación e na nosa páxina web.



- Fotocopia do libro de familia ou documento análogo onde está inscrito o alumno ou alumna.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- Unha fotografía tamaño carne.
- De ser o caso, a solicitude de utilización do transporte escolar (facilitada na secretaría do centro).
- Documentación do centro: documento de actualización de datos do alumno/a; enquisa da lingua materna; documento de autorización de persoas autorizadas a recoller o alumno/a, etc.

7. ÁREAS DE INFLUENCIA E ÁREAS LIMÍTROFES

Perímetro:

Norte: Rúa Concepción Arenal (beirarrúa sur).

Leste:

- Rúa A Escardia continuando pola vía do tren ata a Avenida López Ballesteros.
- Avda. López Ballesteros.
- Rúa Vilar Ponte.
- Rúa Curros Enríquez.
- Rúa Ramón Otero Pedrayo ata intersección coa Rúa Curros Enríquez.

Sur:

- Praza Juan XXIII.
- Rúa Os Duráns.
- Rúa Aquilino Iglesias Alvariño ata a intersección Rúa Ramón Otero Pedrayo.

Oeste:

- Avda. Rosalía de Castro dende intersección con Rúa San Xosé ata Praza da Constitución.
- Avda. Juan Carlos I ata intersección coa Praza Juan XXII.
- Praza Ravella (beirarrúa norte) ata intersección con Travesía Ravella.

Áreas limítrofes:

Son áreas limítrofes deste centro as zonas de influencia de CEIP A Lomba, CEIP Arealonga, CEIP Rosalía de Castro de Carril.

8. ADSCRICIÓN

O noso centro está adscrito ao **IES de Carril**.



9. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

▪ Servizos complementarios ofertados polo centro:

O servizo complementario ofertado polo centro é o **Transporte escolar** (ruta A Torre-CEIP A Escardia).

O alumnado que solicite e obteña praza nun centro escolar distinto ao que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia delimitadas polas xefaturas territoriais, **non terá dereito a ningún dos servizos complementarios** establecidos pola Consellería.

Excepcionalmente, terán dereito aos servizos complementarios as irmás e os irmáns do alumnado xa escolarizado no centro con carácter forzoso.

▪ Normativa reguladora do transporte:

- [Decreto 160/1988, do 9 de xuño](#), polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.
- [DECRETO 65/2014, de 28 de maio](#), polo que se modifica o Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.
- Instrucións sobre transporte que remite cada ano a Consellería de Educación.



CALENDARIO DO PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O CURSO 2024/25

Presentación de solicitudes de admisión (Modelo ED550B)	Do 1 ao 21 de marzo
Presentación da documentación acreditativa dos criterios de admisión do baremo	Do 21 de marzo ao 5 de abril
Publicación das Listaxes Provisionais de admitidos e non admitidos	Antes do 25 de abril
Reclamación ás listaxes provisionais na secretaría do centro	5 días hábiles dende a súa publicación
Publicación das Listaxes definitivas de admitidos e non admitidos	Antes do 15 de maio
Reclamación ante a persoa titular da Xefatura Territorial	Prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación
Formalización de Matrícula	Do 20 ao 30 de xuño
Reunión coas familias de alumnos/as admitidos en 4º de E.I.	Data por determinar